

# Memoria GT

Localizador Grupo: 151.B00

Localizadores individuais (orde alfabética: apelidos e localizadores):

Brandariz Portela, Tania 151.B01

Caamaño Deus, Sofía 151.B02

Campos Nieto, Pablo 151.B03

Casas Quiroga, Pablo 151.B04

Filloy Martínez, Laura 151.B05

Tema e Foco: ao longo do cuadrimestre dedicámonos ao estudo das comunidades científicas. En concreto, dun grupo de investigación de Historia de América. O que nos interesaba era fundamentalmente como funcionaba a comunicación entre os membros de HistAmérica pero tamén como eran os vínculos co seu entorno. Con esta premisa fomos elaborando un traballo cuxos procedementos, resultados e conclusións aparecen recollidos a continuación.

**1.-** Explicación de Grupo:

**1.1.-** Resumo do Traballo do GT: orientación e obxectivos; actividades finalmente realizadas polo grupo. Palabras clave (até 7). (10 liñas).

O noso estudo centrouse en analizar como se desenvolve a comunicación nas comunidades científicas. Cando empezamos a traballar pensamos que o noso grupo, HistAmérica, non tería unha boa comunicación. Os obxectivos foron, dende o primeiro momento, estudar como se comunicaba o grupo entre si para poder ver despois como o facían co exterior: relacións interpersoais, gabinete de prensa da USC, medios de comunicación... As actividades realizadas por nós foron diversas entrevistas aos compoñentes do equipo e a integrantes externos importantes para o desenvolvemento da nosa investigación. Descubrimos que en HistAmérica existía unha figura que levaba toda a comunicación do grupo, Patricia Calvo, e que curiosamente era xornalista. Este é un caso moi específico, pero que pasaría se non existise esta figura tan concreta? Posiblemente que os científicos escribirían para si e ninguén comprendería esa información

*Palabras clave:* comunicación, HistAmérica, ciencia, medios de comunicación, investigación, sociedade, comunidade

**1.2.-** Resumo sobre a organización de grupo diante do traballo (Roles e clara explicación de como se traballou para conseguir obxectivos. Técnicas empregadas. Obstáculos atopados. Distribución de tempos das tarefas).

No noso grupo de traballo tivemos claro dende un primeiro momento a necesidade de organizarnos para enfrontar o estudo da comunicación do grupo de investigación que iamos levar a cabo ao longo do cuadrimestre. Este feito foi, en certo modo, fácil para nós, posto que xa realizáramos moitos proxectos actuando como un


grupo, coñecemos mutuamente o noso método de traballo e coordinámonos de maneira efectiva.

No momento no que tivemos que escoller os roles que xogaríaa cada un de nós ao longo da elaboración do traballo tivemos claro, dende un primeiro momento, que Laura Filloy sería a coordinadora. As razóns eran claras: foi ela a principal causa de que escolleramos este tema de traballo polo seu interese na ciencia e na comunicación organizacional. Ademais, pode que sexa a que mellor nos sabe organizar e coñece os puntos fortes e débiles de cada un de nós. Escoller voceira tampouco foi difícil. A nosa aposta inmediata foi que Tania Brandariz levara a cabo esta labor porque pensamos que é unha persoa aberta ao público. Ademais, tamén xogou un papel fundamental a súa dispoñibilidade para atender e comunicar as labores que se nos foron pedidas ao longo destes meses. Pablo Campos foi quen nos puxo en contacto con HistAmérica de forma inmediata e realizou, xunto con Pablo Casas e Sofía Caamaño, gran parte do traballo de campo. Aínda que Tania e Laura tamén realizaron parte desta labor. A verdade é que sempre tratamos de axudarnos uns aos outros e non tivemos ningún problema á hora de realizar entrevistas ou documentarnos, todos nos implicamos na nosa labor a tempo e centrámonos nos papeis e tarefas que nos eran encomendadas.

Os obxectivos que pretendíamos conseguir con este traballo deixámoslos claros dende un primeiro momento. Queríamos analizar e comprender a realidade comunicativa dun grupo de investigación da universidade e as influencias que as súas publicacións teñen na sociedade así como a fórmula de facer chegar as mesmas ao seu público de interese. Para isto, sempre tivemos moi claro que debiamos comezar coa unidade máis pequena para ir abrindo, co paso do tempo, o noso estudo a áreas maiores e máis xerais. Nun principio, quixemos coñecer a estrutura, organización e política comunicativa de HistAmérica. Para isto, puidemos asistir a un par de charlas e entrevistas iniciais cos principais dirixentes e participantes do grupo, que nos explicaron que a comunicación da comunidade da que forman parte era bastante informal. Unha vez que analizamos e reflexionamos sobre este tema, centrámonos nas principais formas de transmitir a información que crean ao seu público. Tivemos a sorte de poder entrevistar a Patricia Calvo (graduada en Xornalismo e doutorada en Historia), que é quen leva a comunicación do grupo a través das redes sociais, do seu blog, do contacto co gabinete de prensa da Universidade de Santiago de Compostela e cos medios de comunicación.

Con este esquema claro lanzámonos a coñecer a maneira na que o gabinete se pon en contacto cos grupos, as súas estratexias de publicación, os seus intereses, etc. O seguinte paso foi o estudo das relacións do gabinete e do propio grupo cos medios de comunicación e finalmente tratamos con outras organizacións de carácter científico para poder ter unha visión máis completa da ciencia na comunicación e poder, desta maneira, contrastar as conclusións as que chegamos con HistAmérica. No noso traballo tamén foi moi importante a colaboración coas nosas compañeiras de clase que analizaban, ao igual que nós, un grupo de investigación (no seu caso de psicoloxía).

Polo tanto, a liña organizativa que seguimos seguiu sempre unha liña que responde o esquema “de menos a máis”:



+ Colaboración paralela e intercambio de ideas coas compañeiras que traballan con outro grupo de investigación

Para poder analizar cada un destes eslavóns do noso traballo utilizamos fundamentalmente o método da entrevista. Charlamos con todas aquelas persoas que consideramos necesarias en cada un dos distintos pasos que seguimos e a partir delas podemos crearnos unha imaxe xeral da situación.

- Para poder coñecer en profundidade ao grupo de investigación tratamos con Pilar Cagiao (responsable do grupo), Eduardo Rey (segundo de abordo) e Patricia Calvo (xornalista responsable da comunicación do mesmo)
- No referente ao Gabinete de Prensa da USC, podemos realizarlle unha entrevista a Lois Celeiro (xefe do mesmo) en conxunto coas nosas compañeiras que traballan cun grupo de investigación de psicoloxía. Isto enriqueceu gratamente a experiencia xa que podemos contrastar co xornalista as diferencias existentes nas dúas comunidades científicas e levar a cabo un pequeno debate sobre a necesidade da comunicación que nos fixo reflexionar bastante sobre o tema, como xa plasmamos nun dos posts do blog.
- En canto aos medios de comunicación, podemos entrevistar na sede de El Correo Gallego á xornalista Iolanda Casal, encargada de cubrir, maioritariamente, os temas relacionados coa universidade. Escollemos este xornal e non outro posto que no noso grupo de investigación comentáranos que tiveran un problema con este medio pola suposta insinuación do mesmo de publicar unha das súas investigacións en forma de publlirreportaxe. Tema que xa analizamos e aclaramos no blog.
- Situación xeral actual analizada obtendo o punto de vista da comunidade de ciencias puras a través de Lucía Casas, que traballa no Ciqus, e Martin Amoza Dávila, do grupo de estrutura electrónica da Universidade de Barcelona dentro da química computacional no que ambos admitiron que en ocasións é difícil facer entender aos xornalistas unha investigación que a eles lles levou catro anos das súas vidas.

Para levar a cabo todo este traballo de campo utilizamos gravadoras para poder realizar unha posterior transcripción das entrevistas e tamén cámaras de fotografía e vídeo para contar con material audiovisual que lle aportara ao traballo unha maior credibilidade.

Ademais, antes de levar a cabo estes encontros coas diferentes personalidades as que xa nos referimos no apartado anterior, preparamos a entrevista con documentación previa e unha elaboración do cuestionario que íamos a seguir entre todos os membros do grupo. Sempre puxemos en común as preguntas que realizaríamos para, desta forma, poder ter varios puntos de vista, enriquecer a entrevista e tentar que non se nos esquecera plantexar algo que puidera chegar a ser de interese. Para poder manter este constante fluxo de información foron de moita axuda as redes sociais, que nos permitiron manter un contacto instantáneo entre nós cando o necesitáramos.

Durante a realización do traballo tamén nos atopamos con certos obstáculos que dificultaron ou impediron acadar un mellor resultado.

- Unha das cuestións que máis nos integrou dende que comezamos a traballar con HistAmérica foi o feito de que un dos seus membros estivera no Campus de Lugo. Ana Gloria Chouciño forma parte do grupo de investigación co que traballamos e analiza a literatura de América dende Lugo. Cando lle preguntamos a Eduardo Rey por ela dixo que o contacto era escaso e de vez en cando falaban e poñían cousas en común vía Skype. Esta foi a razón que nos levou a mandarlle un correo para poder contactar con ela e comprender a súa función dentro do grupo que, dende un punto de vista persoal, criamos innecesaria e descolgada da principal liña de investigación. Pablo Casas envioulle un correo electrónico solicitando que nos concedera unha entrevista e ela respondeu que estaría encantada de responder as nosas preguntas vía *online*. O segundo *mail* que lle mandamos xa co cuestionario que nos gustaría que atendera non obtivo resposta.
- Tamén nos foi imposible contactar cos outros dous restantes membros de HistAmérica: case nunca estaban dispoñibles e ademais, polo xeito no que falaban Pilar e Eduardo sobre eles, traballaban en liñas de investigación moito máis individualizadas e propias.
- Raul Romar é un xornalista científico galego cuxo punto de vista nos parecía moi importante e necesario incluír no noso traballo. Xa que faláramos con xornalistas, mais ningún deles estaba estritamente especializado en ciencia, cuestión principal e fundamental no noso traballo. Laura envioulle un correo para solicitar unha entrevista e aínda estamos agardando pola súa resposta.
- Coa esperanza de poder atopar a algún comunicador especializado en ciencia, desprazámonos ata o Centro Singular de Investigación en Química Biológica y Materiales Moleculares (Ciqus) da Universidade, onde nos aseguraron que nos

porían en contacto cun dos xornalistas que se fai cargo da comunicación das súas liñas de investigación, pero aínda non nos chamaron.

- Lois Celeiro, xefe do Gabinete de Prensa da USC, si nos concedeu unha entrevista. Non obstante, cremos que a postura que mantivo durante toda a entrevista estivo demasiado editorializada. Dounos a impresión, tanto a nós como as nosas compañeiras Paula Rey e Nieves Rodeiro que estiveron presentes durante toda a entrevista porque elas tamén analizan un grupo de investigación, que estaba reticente a contar a realidade. Parecía que só se centraba en falar sobre a *gran* labor que realiza o Gabinete da USC. A isto sumóuselle o feito de que tivemos unha pequena disputa con el xa que negaba a, para nós, vital importancia da comunicación nos grupos de investigación. Todo isto fixo que saíramos da entrevista cun sabor agridoce. Por unha parte dounos a sensación de que deixáramos de obter información de interese pero pola outra cremos que foi unha oportunidade para reflexionar sobre o tema da maior ou menos importancia da comunicación e compartir opinións cos nosos compañeiros tal e como se reflectiu nos posts do blog e nos comentarios.
- Dado que para as publicacións había un máximo de espazo dispoñible, foinos imposible na maioría das veces poder publicar unha entrevista en forma directa. En certas ocasións gustaríanos telo feito para poder reflectir dunha maneira máis eficaz a actitude do entrevistado. Non obstante, cremos que solventamos este feito de xeito eficaz a través de entrevistas directas e resposta a comentarios dos nosos compañeiros.
- Dentro dos obstáculos que nos impediron, en certa medida, sacar todo o proveito posible ao traballo e co que, neste caso, cargamos coa culpa, foi a perda de material gráfico da entrevista que lle realizamos a Iolanda Casal. Durante a entrevista a esta xornalista, Jorge (colaborador do grupo GBCP) sacounos fotografías para poder ilustrar os nosos posts, pero por un fallo coa tarxeta de memoria acabamos perdendo todo este material.

Antes de comezar a realizar o noso traballo realizamos unha división das distintas fases que percorreríamos ao longo do noso estudo:

- Os quince primeiros días dedicámoslos a documentación sobre o tema: Lemos os documentos que nos proporcionou HistAmérica, que trataban fundamentalmente os temas da creación e reconstrución dos grupos de investigación da USC, os medios mediante os que reciben, os membros que forman parte do grupo e a función que ten cada un, a xerarquía que se establece dentro da comunidade, as relacións e convenios que teñen con outras universidades, as conferencias ás que asisten etc. Tamén lemos o libro “Periodismo Científico” de Calvo Hernando, que fala sobre o tratamento da ciencia nos xornais, a necesidade de especialización, os requisitos fundamentais da profesión como a documentación exhaustiva e o interese polo tema. E, finalmente, axudámonos dos libros e películas obrigatorias para asentar conceptos e poder ter máis claro o que íamos analizar e a forma na que proceder para realizar o noso estudo.

- O resto do tempo do cuadrimestre dedicámolo ao traballo de campo, onde realizamos todas as entrevistas das que xa falamos nos puntos anteriores. Nun primeiro momento, a nosa idea era levar a cabo todos estes encontros e despois tomarnos un período de tempo para reflexionar sobre os mesmos e sacar conclusións. Non obstante, o que fixemos na práctica foi analizar unha a unha cada entrevista despois de facela e poder aplicar os novos coñecementos ás tarefas posteriores. Deste xeito fomos configurando as nosas ideas pola marcha e cando finalmente acabamos o traballo de campo foi moito máis fácil chegar ás conclusións. Todos os membros do grupo pensábase o mesmo e nos puxemos de acordo rapidamente xa que iamos analizando a situación paso a paso.

**1.3.-** Rexistro-itinerario (dietario) de accións emprendidas (da acción máis nova á máis vella: datar cada unha delas).

**29/01:** Primeiro contacto con HistAmérica a través de Eduardo Rey mediante teléfono móbil.

**30/01:** Contacto con Eduardo Rey mediante correo electrónico para que nos remitise o ava do traballo.

**02/02:** Contacto con Eduardo Rey mediante email para acordar o día e hora da fecha da primeira reunión na que se abordaron as principais ideas sobre o traballo.

**04/02:** Entrevista a Eduardo Rey no seu despacho localizado na Facultade de Filosofía durante case unha hora e media. Nesta entrevista de introdución abordáronse todos os temas que posteriormente se desenvolveron no traballo ao longo do cuadrimestre.

**06/02:** Contacto con Eduardo Rey vía email no que se lle mandaron os principais puntos a tratar no traballo. Na súa resposta adxuntounos un documento no que se atopaba a organización interna do grupo de investigación.

**08/02:** Neste día contactamos por correo electrónico con Eduardo para concertar unha entrevista con Pilar Cagiao. Non se puido realizar nesa semana por problemas persoais da coordinadora.

**18/02:** De novo, contactamos co profesor Rey para acordar unha fecha para a primeira entrevista propiamente dita e que se recolleu en posteriores posts no blog.

**19/02:** Entrevista con Eduardo Rey no seu despacho na que durante 40 minutos aportou toda a esencia do grupo, é dicir, a organización tanto interna como externa do equipo.

**20/02:** Entrevista con Pilar Cagiao, coordinadora do grupo, na que se debateu acerca da investigación e as publicacións anuais esixidas a un grupo de investigación. Nesta visita tamén se acordou a data para a entrevista con Patricia Calvo.

**23/02:** Entrevista con Patricia Calvo, xornalista e responsable da comunicación do grupo coa sociedade. Nesta reunión tratouse a perspectiva da comunicación na investigación dende o punto de vista dun xornalista.

**26/03:** Mandámoslle un correo electrónico a Ana Gloria Chouciño para entrevistala cun pequeno cuestionario mediante este medio. Aceptou.

**04/03:** Enviámoslle a Ana Gloria Chouciño, compoñente do grupo que se atopa en Lugo,

o cuestionario mediante email. Non se obtivo resposta.

**10/03:** Contacto mediante correo electrónico con Lois Celeiro para concretar data da entrevista.

**11/03:** Contacto con Patricia Calvo para pedirle información sobre o coloquio de Lisboa.

**24/03:** Entrevista con Lois Celeiro no gabinete de prensa da USC. Tal e como mencionamos nas entradas dedicadas a ela, mantivemos unha sorprendente conversación sobre o peso da comunicación dentro das investigacións.

**26/03:** Entrevista con Iolanda Casal na sede de El Correo Gallego na rúa Preguntoiro. A xornalista falou sobre o tratamento que os medios de comunicación fan de temas científicos e explicou as bases nas que se sentan as decisións de publicar ou non informacións deste tipo.

**13/04:** Contacto con Eduardo Rey para comentar o tema dos convenios internacionais que manteñen con outras universidades latinoamericanas.

**15/04:** Contacto con Raúl Romar, xornalista científico, por correo electrónico aínda que sen obter resposta.

**15/04:** Visita ao CIQUS (Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares). Achegámonos alí coa idea de atopar algún profesional que nos dese un punto de vista diferente do concepto de ciencia estudado ata o momento. Aínda que nos recibiron con amabilidade e aseguráronnos que se poñerían en contacto con nós, non o fixeron.

**15/04:** Entrevista con Lucía Casas e con Martín Amozá, membros de diferentes grupos de investigación en Química. Falamos da situación da Ciencia en España e dos grupos de investigación.

**29/04:** Contacto con Eduardo Rey, Patricia Calvo, Noa Díaz e Iolanda Casal para que participen como firmas invitadas.

**1.4.-** Pequeno test ao traballo (máx. 1 parágrafo de 10 liñas por pregunta).

**1.4.1.-** Estimación sobre os procedementos levados a cabo (reflexividade):

A hora de afrontar este traballo establecemos uns obxectivos ben claros. Queriamos analizar a a fondo un grupo de investigación, a súa comunicación a todos os niveis, as relacións que se establecen entre membros e tamén a proxección do grupo cara ao exterior. Cremos que as metas se lograron e tamén fomos máis alá. É dicir, non nos limitamos a estudar o noso grupo, estudamos outros para ter unha perspectiva máis ampla e completa. Ademais centrámonos no concepto da ciencia estudando o tratamento que se lle dá nos medios de comunicación e na sociedade. Os procedementos usados no traballo foron sinxelos, destacou sobre todos a entrevista persoal. Falamos cos membros do grupo, con xornalistas e con científicos. As veces botamos man da entrevista telefónica ou por correo electrónico. Todas as actividades realizadas foron útiles para chegar as nosas conclusións.

**1.4.2.-** Estimación sobre o seguimento e fases do tema nos post do grupo (non só

grupais) e interese dos compañeiros da aula.

O noso traballo estaba planificado dende o comezo, pero como adoita ser habitual, a medida que realizamos o traballo tivemos que mudar algunhas cousas, como entrevistas que surxiron despois. Seguimos unha orde cronolóxica, dedicamos os primeiros post a presentar o noso traballo, o grupo co que iamos traballar e os seus membros. Despois diso entrevistamos ós membros de Histamérica e analizamos a súa comunicación co exterior, Despois da análise do grupo comezamos unha fase de post máis diversos e interesantes; entrevistamos o xefe do gabinete de comunicación da USC e a unha xornalista do Correo Gallego. Os post grupais tiveron a función de resumir o traballo que levabamos feito e adiantar futuros acontecementos ou debates. Con respecto o interese dos compañeiros consideramos que si que houbo pero podería haber sido maior, a xulgar polos comentarios e interaccións recibidas.

**1.4.3.-** Estimación sobre a vinculación do tema cos temas e conceptos vistos e entregados polo profesor na aula (relación e apropiación de coñecementos; uso dos apuntamentos e lecturas).

No noso tema xogaron un papel de vital importancia moitos conceptos dos estudados en clase. O fin e o cabo analizamos unha comunidade, na que os vínculos e relacións de confianza son primordiais. De feito, adicámoslle un post o tema da confianza dentro de Histamérica. Por outra parte o decálogo elaborado na clase resultounos de utilidade, posto que seguimos os preceptos e recomendacións a hora de facer o traballo xornalístico. Dentro das lecturas, temos que dicir que atopamos máis útiles as realizadas polas nosa conta, tales como libros sobre o xornalismo científico ou revistas científicas coma Muy Interesante ou Quo. Si que queremos destacar o aproveitamento que obtivemos das titorías en grupo co profesor, nas que nos axudou e proporcionou fontes, e o máis importante, sentamos as bases para os pasos a seguir.

**1.4.4.-** Resultados e/ou procesos acadados polo grupo. Valoración. Relación entre os procesos realizados. Actividade de visibilización.

Os resultados obtidos neste traballo poderíanse cualificar de moi positivos. Por unha parte comprendemos o funcionamento dun grupo de investigación normal. Acadamos moita información de diversas fontes que nos permite coñecer como é a comunicación da ciencia na actualidade e que se debe mellorar, tanto por parte dos propios científicos coma por parte dos comunicadores. Un dos procesos máis interesantes foi falar con medios de comunicación e intercambiar ideas e puntos de vista. Aprendemos a importancia do índice de impacto da publicación ou que unha boa comunicación é tan necesaria coma a investigación.. Queremos pensar que grazas a este traballo seremos quen de transmitir e comunicar mellor os temas científicos. Sen dúbida a valoración e moi positiva.

**1.5.-** Materiais (sen número de páxinas):



**1.5.1.-** Bibliografía e referencias consultadas (citar en sistema APA 6, e comentar breve- 4 liñas- cada libro ou material relevante).

Calvo Hernando, M. (1992). *Periodismo Científico*. (2º edición). Madrid: Paraninfo.

O libro de Calvo Hernando foínos moi útil. Achegounos a un campo de traballo xornalístico que garda certas similitudes coa análise que nos estabamos a facer da comunicación con HistAmérica. Grazas a el, fixamos mellor certos aspectos como a relación xornalista-científico, a linguaxe que se emprega nesta temática ou a maneira de difundir este tipo de información.

Fernández, Ángel L; Borja, Enrique. "Antonio Martínez Ron: ¿Fama inmerecida? Aunque suene muy duro Stephen Hawking". Jotdown.es <<http://www.jotdown.es/2015/04/antonio-martinez-ron-fama-inmerecida-aunque-sumuy-duro-stephen-hawking/>> [Consulta: 16/04/15].

Entrevista lida en Jot Down, magazine que destaca polas entrevistas de inmesa duración. Nesta en concreto Antonio Martínez Ron, xornalista e divulgador científico. con máis presenza nos medios españois. Nela trata moitos dos temas que tratamos o longo do noso traballo. Falou de revistas científicas e do papel dos xornalistas a hora de comunicar ciencia entre outras cousas.

VVAA (2009). *Redes sociales: análisis y aplicaciones*. Madrid.

Este libro lémoloo por recomendación do profesor pero só nos centramos na parte de redes persoais. Foínos útil para a primeira fase do traballo e tamén para comprender algún que outro concepto tratado na aula.

- Documento proporcionado por HistAmérica ao comezo do estudo no que aparecían os datos dos membros do grupo, da financiación que recibe, dos convenios que ten con universidades latinoamericanas, de todas as publicacións que realizou etc.

**1.5.2.-** Enlaces recabados comentados.

<<[http://portales.puj.edu.co/dhermith/Ponencias%20Finales\\_congreso\\_Educyt/EI%20rol%20comunicador%20del%20docente%20de%20ciencias,%20estado%20del%20arte%20.pdf](http://portales.puj.edu.co/dhermith/Ponencias%20Finales_congreso_Educyt/EI%20rol%20comunicador%20del%20docente%20de%20ciencias,%20estado%20del%20arte%20.pdf)>>

<<<http://grupo.us.es/grehcco/ambitos07-08/gila.pdf>>>

Enlaces enviados por María Nieves Rodeiro Meijide (152.A03) no post "Ciencias, letras e comunicación" do 16 de Abril de 2015.

<<<http://www.agenciasinc.es/Noticias>>>

Enlace enviado por Ana Arias Méndez (151.F02) no post "*Redes Sociales en HistAmérica*" do 11 de Marzo do 2015.

<<<http://wilsonquarterly.com/stories/science-and-innovation-in-changing-newsroom/>>>

Enlace enviado por Ana Arias Méndez (151.F02) no post "*Comunicando ciencia*" do 25 de febreiro de 2015.

<<<http://naukas.com>>>

Enlace enviado por Belén Araujo Herrero (151.F01) o día 23 de febreiro de 2015 no post "*Dedico a la investigación todo lo que puedo porque me apasiona y porque nos meten mucha caña*" Pilar Cagiao Vila, coordinadora de HistAmérica".

<<<http://www.periodistadigital.com/periodismo/internet/2014/10/12/hay-gente-manipulandose-la-informacion-con-el-ebola-para-alarmar-a-la-poblacion.shtml>>>

Enlace enviado por Noelia Rodríguez Rey (152.H03) o día 8 de abril de 2015 no post que levaba por título "*Cando a información ten un prezo*".

<<<https://www.youtube.com/watch?v=dALWLYarSxU>>>

Enlace enviado por Laura Gómez Vales (151.D04) o día 7 de abril de 2015 no post que levaba por título "*Cando a información ten un prezo*".

<<[http://www.oei.es/divulgacioncientifica/entrevistas\\_132.htm](http://www.oei.es/divulgacioncientifica/entrevistas_132.htm)>>

Enlace enviado por Yohana Silva Troyón (152.C04) o día 3 de marzo de 2015 no post que levaba por título "*Los historiadores escriben para sí*".

<<<http://www.20minutos.es/noticia/2392639/0/convocado-premio-universidad-jaen-divulgacion-cientifica-2015/>>>

Enlace enviado por Nahir Maceira Crespo (151.E04) o día 3 de marzo de 2015 no post que levaba por título "*Los historiadores escriben para sí*".

<<<http://www.agenciasinc.es/Entrevistas/El-espanol-no-se-puede-quedar-a-la-zaga-en-el-lenguaje-cientifico>>>

Enlace enviado por Elena Beltrán Garrido (151.A02) o día 3 de marzo de 2015 no post que levaba por título "*Los historiadores escriben para sí*".

**1.5.3.-** Axenda de contactos (non tel., nin correos. Só nomes, roles e que aportaron).

Pilar Cagiao: é a coordinadora do grupo de investigación de Historia de América. Na entrevista que lle fixemos falounos do funcionamento do equipo e a súa visión sobre o grupo e o modo de comunicación foi moi semellante á de Eduardo Rey.

Eduardo Rey: membro do grupo de investigación HistAmérica, podemos dicir que despois de Cagiao é o segundo de abordado. Foi a primeira persoa coa que mantivemos contacto e a que nos deu a visión máis global e específica de cal era o seu modo de traballar.

Patricia Calvo: xornalista e doutorada en Historia, leva a comunicación do grupo de investigación co que estivemos a traballar. Ela ofreceunos unha óptica distinta que a do resto dos investigadores, analizando máis pormenorizadamente o ámbito xornalístico e contribuíndo enormemente a enriquecer o noso traballo.

Lois Celeiro: xefe de prensa da USC. Concertamos unha entrevista con el xunto coas nosas compañeiras do Seminario 2 que trataban o mesmo tema ca nós. Achegounos un punto de vista totalmente sorprendente para nós, ante a defensa constante da calidade nas investigacións fronte á necesidade de comunicación de moitos grupos.

Lucía Casas: Membro do grupo de investigación de Química da USC, concretamente traballa no CIQUS. As liñas de investigación de son principalmente a investigación de novos materiais e os polímeros helicoidais. Aportounos interesantes ideas sobre os grupos de investigación de ciencia en Santiago, que era, en principio o que nós desexabamos analizar.

Martín Amoza: Membro do grupo de investigación de Estrutura Electrónica da Universidade de Barcelona. Martín explicounos a situación real dos grupos de investigación en España, comparando a USC ca UB. Ademais fixo unha reflexión sobre a Ciencia en España, dicindo que falta cultura científica e que a comunicación é bastante deficiente.

Iolanda Casal: Esta xornalista de El Correo Gallego explicou as bases nas que se asentán as decisións de publicar ou non información científica. Ademais, aclarounos (dentro das súas posibilidades) o suposto conflito que HistAmérica tivera con este xornal, tal e como contamos nun dos posts do blog. Durante a hora que durou a entrevista, falou tamén sobre o concepto de ciencia e a hipocresía, segundo o seu criterio, que existe na sociedade en canto a demanda de noticias relacionadas con este ámbito.

**1.5.4.-** Ficha de Espazos, Situacións e Contexto (describir e analizar a influencia nos encontros realizados e no traballo final).

Falando dos espazos cómpre comezar a falar dos espazos físicos nos que desenvolvemos a nosa actividade. O lugar máis importante e no que pasamos moito tempo foi a sede do grupo HistAmérica, situada na Facultade de Filosofía, e non na de Historia, como cabería esperar. Outros lugares nos que traballamos foron a Facultade de Química, a sede do gabinete de comunicación, a sede de El Correo Gallego ou o CIQUS. Nestes lugares realizamos as diversas entrevistas e obtivemos información para o noso traballo. Noutras ocasións, realizamos unha charla máis coloquial nunha cafetería, un lugar no que se xera unha situación máis amena e relaxada. Precisamente é interesante ver como cambiou o contexto das entrevistas e a nosa relación con HistAmérica. Adquirimos certa relación de confianza, que foi medrando a medida que

pasaba o tempo. Por dicilo dunha maneira coloquial, abríronse máis a nós e contáronnos cousas que non o farían nun primeiro contacto.

Para preparar cada entrevista sempre nos informamos sobre o tema lendo algún artigo ou libro de interese. Adoitamos quedar con eles vía correo electrónico. O contexto das entrevistas foi de cordialidade, aínda que tivemos algún que outro problema con Lois Celeiro.

A influencia dos encontros en nós e no noso traballo foi decisiva, xa que é de estes encontros de onde xorde case toda a información que manexamos. Ademais estes encontros tamén nos axudaron a formar a nosa opinión e a sacar conclusións. Foi decisivo contar con puntos de vista completamente diferentes, Lois Celeiro opinou que a comunicación non é tan importante nunha investigación, mentres que os xornalistas din que é o máis importante. Por outra banda, os científicos tenden a culpar os comunicadores ou mesmo a sociedade, dicindo que falta nivel de ciencia, mentres que os xornalistas afirman que os científicos deben aprender a comunicar mellor. Sen dúbida o debate xerado resultou un dos feitos máis enriquecedores do traballo.